*Edición 1ª*
*Data de aplicación: 21/12/2011*

## A. Obxecto

Definir a sistemática de traballo pola que se leva a cabo a identificación dos requisitos legais, así como de outros requisitos asumidos, que son de aplicación na actividade da Universidade de Vigo, e avaliación periódica do seu cumprimento.

## B. Alcance

Toda a lexislación aplicable á actividade da Universidade de Vigo, con repercusións en materia de PRL.
Todos os acordos asumidos pola Universidade de Vigo, dos que se deriven requirimentos con repercusión en materia de PRL.

## C. Histórico de revisións

Edición primeira.

## D. Documentación de referencia

Estándar OHSAS 18001.

| | *Nome* | *Data* | *Selo e Sinatura* |
|---|---|---|---|
| *Elaborado por*<br>Servizo de Prevención de Riscos Laborais (SPRL) | Mª. José Montero Vilariño.<br>Mª. del Carmen Álvarez González. | 05/04/2010 | |
| *Revisado por*<br>Comité de Seguridade e Saúde (CSS) | José Manuel García Vázquez. | 21/09/2011 | |
| *Aprobado por*<br>Xerencia | Manuel Fernández Jauregui. | 21/12/2011 | |

## E. Contido


Identificación, e cumprimento de requisitos legais, e outros requisitos
Órganos de Goberno
Comité de Seguridade e Saúde
Servizo de Prevención de Riscos Laborais
Responsables de PRL de Centro / Partes interesadas
Desenvolvemento da actividade
Inicio
Análise para extraer os requsitos específicos que son de aplicación
DRPRL-03-01 Listado de requisitos
Revisión
DRPRL-03-01 Listado de requisitos
Non
¿Satisfactorio?
Si
Posta a disposición dos Responsables de PRL dos Centros, e outras partes interesadas
Seguimento do cumprimento legal
Acta de CSS
Aplicación dos requsitos
PPRL-17: Revisión do sistema
Verificación e rexistro do seu estado de cumprimiento
DRPRL-03-01 Listado de requisitos
¿Satisfactorio?
Non
Si
Fin
Disposición e estado da situación de requisitos legais e outros requisitos actualizados

## *F. Comentarios do gráfico*

*1-* A recepción da lexislación e doutros requisitos lévase a cabo segundo a sistemática descrita no procedemento “PPRL 01 Documentación, e control dos documentos”, asociada á documentación externa.

*2-* O Servizo de Prevención de Riscos Laborais é o receptor das novidades legais, así como doutra documentación externa xeradora de requisitos a cumprir, e filtra toda aquela documentación que estima pertinente en función da súa aplicación, para que sexa ratificada pola dirección da Universidade de Vigo.

*3-* A recepción lévase a cabo de forma continua, para o que se dispón de diversas fontes de información (servizo de información de novidades legais do Servizo de Prevención de Alleo, outros servizos de información de novidades legais, accións de información de novidades legais propias, accións de información doutras partes externas, accións de comunicación interna, etc.), e con periodicidade trimestral decídese sobre a súa pertinencia e ratificación; e en consecuencia a súa incorporación ao SXPRL.

*4-* Unha vez incorporada ao SXPRL, o Servizo de Prevención de Riscos Laborais leva a cabo a súa análise para detallar o requisito que resulta de aplicación, podendo delegar noutros servizos ou áreas dito deber, pero conservando a responsabilidade da mesma.

*5-* Cunha periodicidade semestral rexístrase por parte do Servizo de Prevención de Riscos Laborais a avaliación do cumprimento dos requisitos identificados.

## *G. Rexistros*

| *Identificación* | *Arquivo* | *Responsable* | *Recuperación* | *Tempo* |
|---|---|---|---|---|
| DRPRL-03-01<br>Listado de requisitos legais e outros requisitos | Informático SPRL | SPRL | Por data | Actualización periódica |

## *H. Indicadores*

*Indicador: Nivel de cumprimento legal*

| *Definición (ratio)* | *Unidade de medición* | *Valor de referencia* | *Responsable do seu seguimento* | *Periodicidade* |
|---|---|---|---|---|
| (Requisitos cumpridos de xeito satisfactorio / Total de requisitos) x 100<br><br>(Un requisito é satisfactorio cando o seu cumprimento estimado supera o 80%) | Puntos porcentuais | > 75% | CSS | Semestral |